

ct

32m²

de
Esther F. Carrodegua

(fragmento en galego)

[Unha peza de *sther f. carrodegua* para ButacaZero]

EN ESCENA

32m²

Xan e Mar

CADRO V. *THE MARVELOUS MRS. MAISEL*
De cómo Mar cansa de estar pechada e Xan cansa de Mar

Mar na Estática tenta mover o mundo para que non pare
Xan tenta ler o seu xornal do 2003

MAR

Non se pode saír da casa!
Pois non se pode saír da casa!
Non se pode saír da casa
E non pasa nada por estar na casa!
Na casa estase de marabilla

XAN

Se non fose que nos obriga o Presidente!

MAR

Pedaleando atope

Non se pode saír da casa
Pois estamos na casa
Que felicidade
Que tranquilidade
Que todo
Que ben estou
Imaxina que fose médica!
Tería que saír da casa!

XAN

Menos mal que odias o sangue!

MAR

Ou se fose enfermeira!
Con desexo
Tería que saír da casa!

XAN

Menos mal que odias as agullas!

MAR

Cada vez con máis desexo

Se traballase nun Supermercado!
Se tivésemos un can!
Ou unha cadela!
Se fose xenerosa!
Se fose xenerosa sería Voluntaria!

E tería que saír da casa!!!!

XAN

Pero non es xenerosa, Mar

E ademais nós non lle facemos o traballo sucio ao Estado, eh!

MAR

Se polo menos fose repartidora de Amazon!

Ou de Globo!

Podería saír da casa!

XAN

Mar:

Ti odias o Capitalismo Salvaxe!

MAR

Pero podería traballar...

XAN

Pero ti odias traballar!

MAR

Boto de menos o Bar!

Os borrachos pola noite

Os comentarios machistas

Os clientes que me miraban as tetas

Poderías mirarme as tetas coma os clientes, Xan?

Poderías dicirme catro *babosadas*, Xan?

Boto de menos o meu traballo en B

O meu salaaaaaaaario en B

As horas extra gratis!

O meu xefe insoportable!

Os vómitos!!!!

Os vómitos dos borrachos

E das borrachas!

Boto de menso os wc's asquerosos

Cheos de mexo por fóra

Baixa da Estática

Vai ao WC

Non ves Xan!?

Non ves!?

Este WC está limpo!

Está perfecto!

Ti non botas nin unha gota por fóra do testo, entendes, Xan!?

Nin unha gota!

Cun xesto como de mexar por fóra

Non poderías mexar así

Botando por fóra
Por un día?
Non podo soportar mais o WC limpo

XAN
Mar
Estás ben?

MAR
Siiiiiii
Estou ben
Como non vou estar ben!
Como non vou estar ben
Se estou de marabilla
E ademais o WC está limpo como unha patena

Fala a Tele

XAN
Que dixo?
Algo dos cartos?

MAR
Primeiro o Turismo
E despois xa veremos!

XAN
Xa veremos!

MAR

Regando a Orquídea

Canto che botei de menos Rosaura!

XAN
Mar con quen falas?

MAR
Con Rosaura
A nosa orquídea!
É tan simpática!

XAN
É de plástico!

MAR
Fíxate o Tempo que facía
Que non botabamos unha boa parlamentada ti e máis eu!

Como nunca estaba na casa!

XAN
Estás fatal!

MAR
Falando con Rosaura
Estaba pensando en facer Pilates!
Comeza a facer cada disciplina
Que pensas do Pilates
Rosaura?

XAN
Para si mesmo
Viríache moi ben

MAR
Pilates ou Zumba?

XAN
Para si mesmo
Zumba mellor
Para descargar

MAR
Zumba é un pouco *choni*, non?

XAN
Para si mesmo
Si
Un pouco *choni*, si

MAR
Taichi!
Taichi parece como moito máis sofisticado

XAN
Para si mesmo
Perfecto!
Así relaxas

MAR
Taichi ou Ioga?
Ioga!!!!
Teño aquela esteira que merquei fai tres anos e nunca usei!
Onde cona estaba
Bingo!

Ves Rosaura?
Agora que teño Tempo vou recuperar o Ioga
O Ioga é Saúde
Non me pilla a min o Virus ese nin correndo!
Xa verás!

Cambiando de asanas aloucadamente

Xan!
Xan!
Mira!
Volvín co Ioga!
Recordas que me gustara tanto aquel día?
Pois volvín!